

A NOSA INDIFERENZA
CONDÉNAOS AO
ESQUECIMENTO

E TI...

QUE COMES?

COMES DE TODO?

TIRAS COMÍDA?

Caderno de actividades
para nenos e familias

Día do Xaxún Voluntario
Venres, 11 de febreiro de 2022

Xornada Nacional de Manos Unidas
Domingo, 13 de febreiro de 2022

AXUDA A ZAQUEO

Zaqueo, publicano de profesión (recadaba impostos), subiuse a unha árbore para ver a Xesús. Xesús fixouse nel e díxolle que baixase porque quería falar con el, pero atopouse con que era difícil baixar. Para “ver” a Xesús necesitaba aplicar os seus ensinamentos e superar as desigualdades que el xeraba aos demais

Que desigualdades debe superar **Zaqueo** para estar con Xesús? Facémolle unha escaleira e ensinámolle que cousas lle pódenn axudar a baixar para velo.



A. Completa os xogos. Cando os teñas resolto, pon os resultados na escaleira e axudarás a **Zaqueo** a baixar da árbore para que poida abrazar a Xesús.



B. Cando **Zaqueo** fai algo pola igualdade das persoas embelécese. **Colorea a viñeta** cando acabases os xogos.

ADIVIÑA, ADIVIÑA

Se a resolves, saberás o último chanzo que **Zaqueo** debe saltar para, a Xesús abrazar.

Con ela cúrannos, e póñennos bos.
Aínda que todos a buscan só algúns a atopan.
E, depende de onde vivas, é posible que nin a teñas. Que é?



ORACIÓNS DE CORESMA

6 de marzo: 1 er Domingo de Coresma

Xesús, pedímosche que nos axudes a descubrir as nosas tentacións e todo o que nos aparta de Ti. Ensínanos a orar cada día, a oír todo o que tes que dicirnos coa túa Palabra, para que saibamos construír o teu Reino atendendo ás necesidades do outro e para que nos deamos conta das desigualdades que existen

13 de marzo: 2º Domingo de Coresma

Xesús, ensínanos a orar para estar preto de Ti. Axúdanos a verte ao noso lado e así estar sempre alegres. Que esta alegría a contaxiemos aos que están preto, para que saibamos ser bos compañeiros e facelos felices. Non queremos esquecernos de quen está lonxe e tamén necesitan o noso apoio.

20 de marzo: 3 er Domingo de Coresma

Xesús, axúdanos a cambiar os nosos corazóns para que dean froitos de Amor. Ten paciencia connosco que queremos, nesta Coresma, deixar o que nos afasta de Ti (a desesperanza, o orgullo, a comodidade) para servir con alegría. Que saibamos regar a nosa contorna con sementes de paz.

COMPROMISOS

- ❖ Esforzarme por aprender e aproveitar o tempo na catequese e no cole.
- ❖ Comer sen protestar pola comida que non me gusta, dar grazas pola mesma e compartir.
- ❖ Agradecer a Deus polos médicos, as enfermeiras, as medicinas, os hospitais... e apoiar a quen non as ten.




PALABRA OCULTA

Pon as letras do abecedario segundo a súa posición numérica e atoparás outra desigualdade que ten que superar **Zaqueo**.

1	10	9	11	5	12	19	14	18

ENCrucILLADA

- 1- Organización católica que loita contra as desigualdades nos países empobrecidos (dúas palabras).
- 2- O que predica Xesús e o mundo necesita.
- 3- Protagonista da nosa historia ao que axudamos.
- 4- Tema central da campaña de Mans Unidas en 2022.
- 5- Tempo de corenta días antes de Semana Santa.
- 6- Loitar contra ela é a misión de Mans Unidas.
- 7- É moi importante para acabar coa desigualdade.
- 8- O que fan os actores.
- 9- Dáse cando todas as persoas teñen as mesmas oportunidades para vivir.



PALABRA SECRETA

Bendición da mesa:

Bendece, Señor, os alimentos que, grazas ao traballo das persoas, imos tomar.

Que nos fortalezcan para servir aos demais. Grazas polos que os prepararon e por compartilos en familia.

Que non esquezamos a quen non teñen o necesario para vivir e pasan fame; e grazas polas persoas que se ocupan deles.



SOLUCIONS:

Encrucillado: 1. Manos Unidas 2. Amor 3. Zaqueo 4. Desigualdade 5. Coresma 6. Pobreza 7. Formación 8. Actuar 9. Igualdade.
 Palabra secreta: EDUCACIÓN. Palabra oculta: ALIMENTOS. Adiviña: SANIDADE.

27 de marzo: 4º Domingo de Coresma

Xesús, ensínanos a ver máis aló dos nosos problemas e a ser máis solidarios; a facer as paces e a perdoar. Que non nos cansemos de facer o ben e saibamos ser nenos e nenas de paz. Hai persoas que están soas e tristes, axúdanos a ser próximos e regalarlles esperanza. Grazas por quen as coida.

3 de abril: 5º Domingo de Coresma

Xesús, axúdanos a mirar como Ti, sen prexuízos. Cando xulgamos e rímonos do outro, cando humillamos ou mentimos, non estamos a axudar ao teu Reino. Queremos ser prudentes, pacientes, comprensivos e amables como Ti. Todos temos cousas boas. Axúdanos a mirar como Ti, para descubrir o bo nos demais.

10 de abril: Domingo de Ramos

Señor, no día que entraches xubiloso en Xerusalén e todo o pobo cantaba aleluia!, unímonos á alegría. Encomiamos a Deus Pai por enviarte ao mundo. Encomiámoste polo teu amor. E encomiamos ao Espírito Santo porque nos dá a súa forza para seguirche. Que o teu Reino de amor, xustiza e paz creza nos nosos corazóns e contaxiémolo a todos.

HISTORIAS DE SOLIDARIEDADE

Cambodia: Dereito á EDUCACIÓN



Chámome **Suy**, que significa prudencia. Vivo ao norte de Cambodia, un precioso país no sueste de Asia. A miña familia é pobre porque tivo que emigrar por mor dunha guerra. Non podía pagar o material escolar para a miña formación. Agora, grazas a Manos Unidas e outros organismos, máis de 5.000 nenos e nenas camboyanos podemos ter libros e cadernos moi bonitos e útiles para aprender.

**Gústache ir ao cole? Que materiais levas?
Como os consegues?**

Etiopía: Dereito á ALIMENTACIÓN



Son **Melkam** e vivo ao sur de Etiopía, un país moi bonito no leste de África. Por mor da seca e o esgotamento da terra, pasamos fame. Por iso, a Igrexa da miña rexión pediu axuda a Manos Unidas para que apoie na formación para cultivar a terra, e no uso de sementes e técnicas melloradas para a agricultura e a gandería. Así, os meus pais, os meus irmáns e irmás, e o resto das familias, poderemos ter alimentos todo o ano. Pasaches fame algunha vez?

**Que fas cando non che gusta a comida?
E coa comida que che sobra?**
(Tirar comida dana o medioambiente e provoca seca).

Perú: Dereito á SAÚDE



O meu nome é **Flor María**, e vivo nun asentamento de Yurimaguas no norte de Perú, un gran país ao oeste de Sudamérica. Nesta barriada somos moi pobres.

Eu nacín cun problema na cadeira e non puideron atenderme por falta de médicos. Agora, grazas á axuda de Manos Unidas, puiden ir operarme a Lima, a capital do meu país. Tamén me deron rehabilitación e fisioterapia para que poida ir ao colexio e xogar coas miñas amigas.

**Que fas cando estás enfermo?
Quen che axuda a curarte?**
Algunha vez pasouche o mesmo que a min?